

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Economía e Facenda

Corrección de erros.—Orde do 18 de agosto de 1992 pola que se desenvolve a estrutura orgánica da Intervención Territorial Delegada da Consellería de Economía e Facenda en Lugo.

Advertido erro na orde do 18 de agosto de 1992, pola que se desenvolve a estrutura orgánica da Intervención Territorial Delegada da Consellería de Economía e Facenda en Lugo, publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 166, do 31 de agosto de 1992, cómpre facer a seguinte rectificación:

Na páxina 6.999, a seguir do apartado 1.2.4.2.1., debe engadirse: «1.2.5. Sección de Intervención», e «1.2.5.1. Negociado Administrativo».

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Recoñecida e perfilada esta figura pola xurisprudencia de principios de século e despois pola Lei de montes de 1957, pola compilación de dereito civil de Galicia, pola Lei 52/1968, do 27 de xullo, de montes veciñais en man común, e o seu regulamento, do 26 de febreiro de 1970, pola Lei 55/1980, do 11 de novembro, e por último pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, sufriu un proceso de progresiva liberalización, eliminando a intervención administrativa, acentuando o carácter de bens de dereito privado, dando máis e maior autonomía ás comunidades, e quedando limitada a actividade administrativa á función de clasificalos como veciñais e tutelalos e velar pola súa conservación e integridade, exercendo unha especie de protectorado semellante ó existente respecto ás fundacións que permite a xestión cautelara do monte no caso de desaparición da comunidade titular ou por deixación das súas funcións, declarándose o monte en situación de grave abandono.

A tensión doutrinal estivo sempre polarizada sobre a natureza dos montes como bens de dereito privado ou de dereito público. É evidente que as cuestións sobre propiedade están na órbita do dereito civil, pero non cabe esquecer que á vez son bens de utilidade pública, que é un órgano da Administración quen os clasifica como tales, e quen os deslinda, que a propia compilación de dereito foral alude a eles coma unha terceira categoría intermedia entre os montes públicos e os privados, que respecto ás infraccións que neles se cometen a Administración debe aplicar o réxime establecido na lexislación xeral de montes para os montes catalogados e que os aproveitamentos, salvo os tradicionais, encóntranse suxeitos á Lei de montes de 1957 e actualmente tamén ás leis do solo.

En definitiva, o interese público que en certa medida afecta a toda clase de bens incide con maior intensidade nalgunhas categorías concretas destes, e cando

tal cousa sucede, a titularidade privada dos devanditos bens ou ben non se admite máis que excepcionalmente, ou ben aínda admitíndoa, sométeselle a unha intervención administrativa máis intensa. Os montes, constitúen un claro expoñente diso e así o seu réxime xurídico repártese entre o dereito administrativo e o dereito civil.

Os montes son o soporte dos recursos naturais e marco da liberación do lecer e proporcionanlle á colectividade beneficios económicos (producción e postos de traballo), sociais (ambientais, paisaxísticos), protectores (consolidación de terreos, saneamento de encoros, regulación de augas da choiva, defensa contra da erosión, protección de ecosistemas, conservación do patrimonio xenético).

Este regulamento consta de sesenta e dous artigos, divididos en oito títulos: no primeiro deles recóllense os conceptos básicos, como a definición do monte veciñal en man común, a súa titularidade ou a condición de veciño comuneiro. O título segundo fai referencia ós actos de disposición admitidos sobre os montes veciñais (como excepción ás notas de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade que se recollen no artigo dous da lei) así como a posibilidade de someter á concentración parcelaria aquelas parcelas que non superen a unidade mínima de cultivo en monte. O terceiro título refírese á clasificación destes montes, con especiais referencias ó xurado encargado deste e ó procedemento e efectos da clasificación. O título cuarto («da organización das comunidades») refírese ós modos de representación dos veciños comuneiros e ó funcionamento dos seus órganos de xestión. O título quinto trata dos aproveitamentos, cos seus sistemas de reservas, execución e gravames. O título sexto (deslindamento e marraxes) recolle a posibilidade das comunidades de se someter á arbitrase de dereito privado. O título sétimo, que trata do rexistro de montes veciñais en man común, recolle tanto o rexistro xeral coma as súas seccións provinciais. E, por último, o título oitavo —infraccións— estende ós montes veciñais en man común o procedemento e réxime de infraccións previsto para os montes catalogados.

Xa que logo, por proposta do conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catro de setembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Título primeiro

Artigo 1.—Concepto.

Para os efectos deste regulamento, enténdese por monte veciñal en man común os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros das mesmas na súa condición de veciños.

Artigo 2.—Titularidade.

A titularidade e aproveitamento dos montes veciñais en man común pertencelle á comunidade veciñal correspondente.

Artigo 3.—Composición da comunidade veciñal.

A comunidade veciñal entenderase composta polos veciños comuneiros que a integren en cada momento.

Artigo 4.—Condición de veciño comuneiro.

Terán a condición de veciños comuneiros aquelas persoas titulares de unidades económicas que residan habitualmente con «casa aberta» dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte, conforme ás situacións consuetudinarias que viñan existindo entre os seus compoñentes, ou aquelas outras persoas que acaden a citada condición no sucesivo e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunha actividade relacionada co monte.

Título segundo Actos de disposición

Artigo 5.—Cesión.

Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, logo de informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servicios ou outros fins que redunden en beneficio directo da comunidade de veciños, sempre que de tal cesión se derive un ben público ou social ou que redunde de modo principal en beneficio dos veciños.

A cesión poderase establecer por un prazo máximo de trinta anos se é en favor de particulares, ou por tempo indefinido se é en beneficio de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade, e mentres se mantéña o fin para o que foi feita a cesión.

Artigo 6.—Expropiación forzosa.

1.—Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte, mediante declaración expresa da Xunta de Galicia, logo de informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e oídas as comunidades afectadas.

2.—Unha vez iniciado o expediente de expropiación e completado coa memoria xustificativa e a descrición do terreo de que se trate, remitirase á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que se lle de a vista deste á comunidade afectada, por conducto da delegación provincial correspondente, que procederá a emitir informe sobre el no termo de un mes. Unha vez cumprido aquel trámite elevarallo, no prazo de quince días, á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural que propondrá ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes o que proceda.

3.—Sendo favorable á expropiación o criterio manifestado polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, devolveráselle o expediente ó organismo expropiante para a súa prosecución en forma legal. A eventual discrepancia deberá ser resolta polo Consello da Xunta.

Artigo 7.—Ocupacións e servidumes.

1.—Poderanse establecer ocupacións e servidumes, logo de expediente no que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que califica o monte para o que a delegación provincial correspondente redactará a oportuna memoria.

Nesta memoria determinarase a extensión puramente indispensable á que se deberá contraer a ocupación ou servidume, a imposibilidade da súa localización fóra do monte; especificaranse os danos e perdas que se deban producir e que, valorados, xustificarán o prezo da ocupación ou servidume, e propoñeranse as condicións en que se deban outorgar, xuntando plano debidamente autorizado da parte do monte afectada.

2.—A delegación provincial dará audiencia no expediente, por termo de quince días, ós eventuais beneficiarios da ocupación ou servidume e á comunidade veciñal, elevando seguidamente as actuacións, co seu informe, á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

3.—O consentimento da comunidade veciñal é necesario para autorizar ocupacións nos montes. Cando esta se opoña, a delegación provincial correspondente, sen máis trámite, dará por concluso o expediente, comunicándolle ós interesados que non hai lugar ó solicitado.

Artigo 8.—Dereitos de superficie.

1.—O establecemento de dereitos de superficie terá carácter temporal e cos seguintes prazos:

a) Ata 30 anos no caso de que sexa con destino a instalacións ou edificacións.

b) Ata 10 anos en cultivos agrarios, logo de autorización da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural cando supoña cambio de masa forestal a produción agraria.

c) O número de anos coincidente coa rolda da especie plantada no caso de arborado, debéndose fixar no documento correspondente ó número de anos máximo no que se deberá proceder á corta do arborado.

2.—Para plantacións de eucaliptos deberase engadir ó documento público sinalado no número anterior un estudo de impacto ambiental, conforme ó Decreto 81/1989, do 11 de maio.

3.—De común acordo, a comunidade veciñal e o titular do dereito de superficie poderán prorrogar este dereito, antes de caducalo prazo para o que foi establecido e sen superar aqueles fixados no nº 1.

4.—A extinción do dereito de superficie, por transcurso do termo, provocará a de toda clase de dereitos reais ou persoais impostos polo seu titular.

5.—Se por calquera outra causa se xuntasen na mesma persoa os dereitos de propiedade do solo e os de superficie, as cargas que recaesen sobre un e outro dereito continuarán gravándoos separadamente.

Artigo 9.—Permutas.

1.—O establecemento das permutas requirirá informe favorable da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes sobre a similitude do valor dos terreos permutados e a proximidade dos terreos que se vaian permutar.

2.—A comunidade propietaria dará traslado de permuta, nun prazo máximo de dous meses, á sección provincial do rexistro de montes veciñais en man común, xuntando a seguinte documentación: certificado do acordo da asemblea xeral favorable ó dito acto, copia auténtica do documento público no que se plasme o contrato, informe favorable da delegación provincial referido á real proximidade e semellanza de valor, e plano topográfico das parcelas que se permutan. Tamén se lle dará conta ó xurado provincial de montes veciñais en man común.

Artigo 10.—Arrendamentos.

1.—Os M.V.M.C. poderán ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no Código civil, coas seguintes especialidades:

—O período contractual non poderá ser superior a 11 anos.

—As melloras e instalacións que se poidan derivar do arrendamento quedarán de propiedade da comunidade veciñal ó remata-lo prazo pactado, sen compensación algunha para o arrendatario.

2.—De común acordo, a comunidade veciñal e o arrendatario poderán prorrogalo arrendamento antes de expira-lo prazo para o que foi establecido, e sen supera-lo límite regulamentario.

Artigo 11.—Concentración parcelaria.

Para acadalo cumprimento dos fins do artigo 5.a) da Lei de concentración parcelaria para Galicia, poderanse someter a concentración parcelaria aquelas parcelas que non superen a unidade mínima de cultivo en monte fixada por decreto da Xunta de Galicia e que pertencen a unha mesma comunidade de veciños. Nos restantes casos terase en conta o previsto na Lei de concentración parcelaria para Galicia.

A inclusión no proxecto de concentración parcelaria deberá respectar, ó termo do expediente, a superficie total inicial e a capacidade productiva do monte.

Artigo 12.—Destino do pagamento.

O importe das cantidades aboadas polos negocios xurídicos mencionados neste título deberase destinar á mellora do monte, ou ó establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade propietaria do monte.

Título terceiro Clasificación e os seus efectos

Capítulo primeiro Do xurado provincial de M.V.M.C.

Artigo 13.—Composición do xurado.

1.—En cada unha das provincias galegas existirá un xurado de clasificación de montes veciñais en man común, coa seguinte composición:

Presidente: o delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Vicepresidente: un maxistrado da audiencia provincial, o nomeamento do cal será solicitado ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Vocais: un letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, un avogado designado de entre os colexios da provincia, o xefe do servizo provincial de montes, un representante das comunidades propietarias de montes clasificados da provincia, todos eles con voz e voto. Dous representantes das comunidades propietarias en cada caso implicadas, con voz e sen voto.

Secretario: o funcionario do servizo técnico xurídico da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ó que se lle asigne o devandito posto de traballo. Actuará con voz e sen voto e dará fe de tódolos actos e acordos.

Os acordos do xurado adoptaranse por maioría dos seus membros.

2.—O vocal representante das comunidades de montes clasificados da provincia deberá ser elixido por eles mesmos e de entre eles, e por maioría simple dunha asemblea convocada para o efecto, na que, para que haxa quorum suficiente deberán estar presentes ou representadas con poder bastante acreditativo, polo menos a metade das comunidades de montes da provincia.

A acta desta asemblea deberá ser presentada perante o xurado para poder tomar posesión do cargo; nela deberá constar necesariamente o prazo de duración do nomeamento, que non poderá ser inferior a un ano nin superior a catro.

Artigo 14.—Abstención e recusación.

Sobre a abstención e recusación serán de aplicación as normas establecidas no artigo 20 e seguintes da Lei de procedemento administrativo. Igualmente deberanse abste-los membros do xurado que, por si ou polos seus parentes ata o 4º grao de consanguinidade ou 2º de afinidade, sexan propietarios de predios ou establecementos mercantís ou industriais na parroquia ou lugar titular do monte examinado.

Artigo 15.—Incompatibilidades.

O carácter de membro do xurado é incompatible co exercicio de calquera actividade que impida ou menoscabe o estrito cumprimento dos deberes que lle correspondan.

Así mesmo, non poderán actuar no exame e votación dun expediente de clasificación cando por razón da súa profesión interviñesen en defensa dalgunha das partes en litixios, conflitos ou actuacións, ou na súa resolución, referentes ós montes dos que se trate a clasificación.

Non rexerá esta prohibición para quen interveña no xurado como membro da comunidade.

Artigo 16.—Asistencias e escusas.

1.—Serán causas de escusa para o desempeño da condición de membro do xurado o cumprimento da idade de xubilación ordinaria ou o padecemento de enfermidade ou impedimento físico que notoriamente imposibilite para o exercicio do cargo. Tamén poderá escusarse por calquera outra causa xustificada, que apreciara discrecionalmente o resto do xurado.

2.—A asistencia ás reunións do xurado é obrigatoria. Os membros do xurado poderán escusa-la súa asistencia a algunha reunión cando por causas xustificadas esta lle sexa imposible. En todo caso a escusa deberá ser comunicada con 24 horas de antelación ó día da reunión.

Artigo 17.—Suplencias.

Cando a falta de asistencia vaia ser superior a 6 reunións comunicárase ó xurado, e este requirirá a través do seu presidente ó organismo que o designase para que efectúe un novo nomeamento como membro titular.

Artigo 18.—Axudas de custos e asistencia.

Os membros do xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común terán dereito a percibir asistencias na contía que sexa determinada polo Consello da Xunta pola concorrencia ás reunións deste órgano colexiado da Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes transferirá anualmente as cantidades necesarias para gastos de funcionamento dos xurados provinciais de clasificación de montes veciñais en man común, que serán xustificadas por estes ó final de cada exercicio.

Capítulo segundo Procedemento de clasificación

Artigo 19.—Iniciación.

Os expedientes de clasificación iniciaranse:

- a) De oficio polo propio xurado.
- b) Por instancia de calquera veciño ou grupo de veciños.
- c) Por instancia da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, ou das comunidades afectadas.
- d) Por petición do concello no termo do cal radique o monte.

Se fose iniciado de parte, quen o inste terá que aportar-lo plano topográfico coa identificación do terreo do cal se pida a clasificación.

A non iniciación do expediente de clasificación deberá ser motivada. Notificarase ós promotores, se é o caso, e será susceptible de ser impugnada perante a xurisdicción contencioso-administrativa, logo de recurso de reposición perante ó mesmo xurado.

Artigo 20.—Solicitud de antecedentes.

O presidente do xurado reclamará de calquera autoridade ou organismo, no prazo de 15 días desde o acordo da iniciación, os antecedentes que posúan sobre o terreo do que se trate; e en particular dos servicios provinciais de montes e industrias forestais o expediente de investigación previa que poida existir, a constancia no Catálogo de Montes de Utilidad Pública e tódalas precisións que subministre este sobre aspectos físicos e xurídicos do monte.

Artigo 21.—Certificacións do Rexistro da Propiedade.

Recibidos estes datos, solicitarase do Rexistro da Propiedade certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión, e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos; así mesmo, que certifique se algunha das devanditas cargas fose obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

Artigo 22.—Designación de instructor.

O acordo expreso do xurado conterá a designación do instructor que deba tramita-lo expediente, servindo ó devandito acordo como iniciación deste. Para a instrucción do expediente serán de aplicación as normas contidas neste regulamento e, no non previsto por el, aplicarase o disposto na Lei de procedemento administrativo.

Artigo 23.—Comunicacións.

1.—O instructor, tan pronto teña constancia da certificación do rexistro á que se refire o artigo 21 comunicará a iniciación do expediente, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións:

- a) Ó alcalde do Concello onde radique o monte.
- b) Ás persoas ou entidades a favor das que apareza no Rexistro da Propiedade algún título relativo ó monte.
- c) Ás persoas po instancia das que se iniciase o expediente.
- d) Ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais, para os efectos previstos no art. 10 da Lei de M.V.M.C., de 1980, sobre aproveitamentos.
- e) Ó rexistrador da propiedade, solicitando a práctica da anotación preventiva e facendo constar-la existencia do expediente de clasificación e que o terreo referido pode resultar afectado pola resolución final daquel.

Solicitarase igualmente a prórroga da devandita anotación preventiva se fose necesario, de acordo co artigo 96 da Lei hipotecaria.

2.—Así mesmo, darase publicidade oficial á iniciación do expediente mediante publicación do acordo no DOG e remitirase copia ó concello para a publicación do edicto, e para a súa fixación nos lugares de costume do núcleo veciñal.

Artigo 24.—Efectos do expediente de clasificación.

A iniciación do expediente de clasificación producirá os seguintes efectos:

a) Ningún terreo afectado por este poderá ser obxecto de alleamento, división ou gravame, ata que o xurado dicte a resolución oportuna.

b) Deberanse depositar na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia, por resultas da clasificación, os beneficios netos obtidos dos aproveitamentos habidos no decurso da tramitación do expediente e os devengados antes da iniciación deste que estivesen en poder da Administración, así coma calquera tipo de canon que o concello ou a Administración perciban por ocupacións ou servidumes autorizadas no monte, salvo acordo expreso noutro sentido ente a comunidade de veciños presuntamente titular do dominio do monte e o concello no termo do cal radique.

c) Poderanse suspender, por petición dos promotores, todo tipo de canon ou prezo municipal nos aproveitamentos que leve a cabo a comunidade presuntamente titular do monte.

Artigo 25.—Proposta do instructor.

Unha vez que o instructor considere finalizado o expediente, a tramitación do cal non poderá exceder de un ano, formalizará proposta razoada perante o xurado para a súa inclusión na orde do día da primeira convocatoria que se celebre.

Artigo 26.—Resolución do expediente.

O xurado, no día e hora sinalado para resolver, logo de citación dos seus componentes, deliberará e adoptará o acordo que proceda. O instructor redactará a resolución definitiva que asinarán tódolos membros do xurado. O secretario levantará acta no libro establecido para o efecto, no que constarán os acordos e os votos particulares.

Artigo 27.—Inclusión en catálogos, inventarios e rexistros públicos.

Non será obstáculo á clasificación dun monte como veciñal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo.

No caso de que o ben clasificado estivese incluído no Inventario de Bens Municipais ou no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, nin os concellos nin a Administración estarán obrigados a impugnar a resolución do xurado.

Artigo 28.—Recursos contra a resolución.

Adoptada a resolución, notificaráselles ós interesados no expediente, e publicarase no DOG facendo constar que esta pode ser obxecto de recurso de reposición perante o propio xurado, previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa. A resolución do recurso, se é o caso, notificarase e publicarase igualmente.

Tamén se lle notificará ó Rexistro da Propiedade para a súa anotación preventiva da clasificación.

Artigo 29.—Notificación.

Firme a clasificación por non interpoñerse recurso ou por estar resolto, o xurado trasladará certificación do acordo:

a) A quen solicitou a iniciación do expediente e a quen formulou alegacións a este.

b) Á Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes para a súa constancia no Inventario Xeral de M.V.M.C., e para os efectos de entrega de posibles depósitos resultantes de aproveitamentos, exclusións do Catálogo de Utilidade Pública, e inclusión na relación de montes protectores dos que estaban catalogados, de conformidade coa lexislación vixente.

c) Ó Concello correspondente, co fin de que sexa excluído o monte do inventario de bens no caso de que estivese incluído, solicitando a cancelación da inscrición no Rexistro da Propiedade, no caso de que existise.

Artigo 30.—Efectos da clasificación.

A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto na Lei hipotecaria e no seu regulamento, e virá acompañado de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A citada resolución, unha vez firme, producirá os seguintes efectos:

a) Atribuírle a propiedade á comunidade veciñal correspondente, mentres non exista sentenza firme en contra, dictada pola xurisdicción ordinaria.

b) Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade e para exclusión do catálogo dos de utilidade pública ou do inventario de bens municipais se figurase neles, así coma para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contradictorias que resulten afectadas.

c) Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e serán gratuitas a primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por este motivo.

Artigo 31.—Contradicción de asentos.

No caso de contradicción entre a resolución do xurado expedida pola inmatriculación do monte e algún asento non cancelado, ou que a descrición coincidise nalgúns detalles coa de predios ou dereitos xa inscritos procederase na forma establecida no artigo 306 do Regulamento hipotecario.

Título cuarto
Da organización das comunidades

Artigo 32.—Capacidade xurídica das comunidades.

A comunidade propietaria exercerá a administración, disfrute e disposición dos montes veciñais en man común, dentro das prescricións da lei e deste regulamento, conforme ós seus propios estatutos, e terá plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, incluído o exercicio, tanto en vía xudicial coma administrativa, de tódalas accións que sexan necesarias para a defensa dos seus específicos intereses.

Artigo 33.—Xunta provisional.

Unha vez firme a clasificación dun monte como veciñal en man común, no prazo de tres meses constituírase unha xunta provisional composta como mínimo por un representante e dous vocais, elixidos de entre os comuneiros e por estes, dando conta da composición á sección provincial do rexistro de montes veciñais en man común.

De entre os vocais, un terá funcións de secretario e outro de tesoureiro.

Artigo 34.—Constitución da xunta provisional.

A citación para constituí-la xunta provisional expedirase por quen instou a clasificación ás persoas que teñan casa aberta e residencia habitual dentro da área xeográfica á que se lle adjudicou o monte, e que se consideren con dereito ó uso e aproveitamento deste, mediante avisos no taboleiro de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume, con dez días de antelación, expresando lugar, data, hora e obxecto da xuntanza.

O acto será dirixido por unha mesa presidida por quen instou a declaración, o maior dos asistentes e o máis novo, que actuará como secretario.

Artigo 35.—Convocatoria.

Transcorridos os tres meses previstos no artigo 33 sen que se constituíse a xunta provisional, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a través do seus órganos provinciais, convocará a xuntanza para a súa constitución no prazo máximo de tres meses.

Artigo 36.—Funcións da xunta provisional.

1.—A xunta provisional ostentará a representación da comunidade, e terá coma cometidos:

- a) Confeccionar, se é o caso, a lista provisional de comuneiros.
- b) A elección dos órganos de goberno.
- c) Impulsar a redacción e aprobación dos estatutos, para o que terá un prazo máximo de un ano.
- d) A xestión e administración do monte veciñal en man común.

2.—O mandato da xunta provisional finalizará, en todo caso, coa aprobación dos estatutos e co nomeamento da xunta rectora, non podendo a súa duración ser superior a un ano. Transcorrido este e persistindo as circunstancias sinaladas no artigo 35, procederáse a unha nova elección, dirixida pola xunta provisional saínte.

Artigo 37.—Convocatoria da asemblea da xunta provisional.

Confeccionada a lista provisional de veciños comuneiros, e elaborado o proceso de estatutos, a xunta provisional convocará a comunidade cunha orde do día na que necesariamente deberán figurar:

- a) A aprobación da lista definitiva de veciños comuneiros.
- b) A aprobación, se é o caso, dos estatutos.
- c) O nomeamento da xunta rectora.

Artigo 38.—Libros da comunidade.

Cada comunidade levará un libro de rexistro cos nomes de tódolos veciños comuneiros, domicilio e data de inscrición; un libro de actas que reflecta os acordos tomados nas sesións que se celebren, facendo constar a suficiencia do quorum de asistencia esixido legal ou estatutariamente e as maiorías polas que se adopten os acordos; e libros de contas para asentar estas.

Calquera veciño comuneiro poderá solicitar certificación dos contidos dos devanditos libros, que non lles poderá ser denegada.

Artigo 39.—Presentación da casa.

Os membros de cada «casa aberta» designarán de entre eles quen deberá representala na asemblea xeral así como, se é o caso, un suplente. No seu defecto deberá facelo quen asuma de feito a dirección da explotación familiar.

Artigo 40.—Asemblea xeral.

1.—A asemblea xeral ordinaria será convocada unha vez ó ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico. Con carácter extraordinario, poderase convocar a asemblea xeral por iniciativa do presidente da xunta rectora ou por petición dun mínimo do 20% dos comuneiros.

2.—A xunta rectora, por petición do 20% dos veciños, convocará asemblea xeral extraordinaria, que se celebrará no prazo máximo de dous meses.

No suposto de que non se celebre, e por instancia dun mínimo do 20% dos veciños, reunirse a asemblea xeral para tomar os acordos oportunos, incluíndo a remoción da xunta rectora, sempre que se respecten as maiorías que marca a lei.

Artigo 41.—Convocatoria da asemblea xeral.

1.—A convocatoria da asemblea xeral farase cun mínimo de 10 días de antelación, mediante notificación escrita a tódolos comuneiros e coa orde do día dos asun-

tos que se vaian tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a comunidade. A dita convocatoria sinalará o lugar onde cada veciño comuneiro poderá examinala documentación dos asuntos que figuran na orde do día.

2.—Para asistir á asemblea xeral, un comuneiro poderá delegala súa representación noutro comuneiro, sen que ningún poida asumir máis de unha delegación. En todo caso, a delegación deberá ser expresa para cada asemblea xeral.

3.—A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis da metade dos comuneiros e en segunda convocatoria cando estean polo menos un 25% destes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer un mínimo de dúas horas.

Artigo 42.—Contido mínimo dos estatutos.

1.—Os estatutos regularán a acreditación da representación de cada casa, mediante certificación de inclusión no libro de rexistro de comuneiros, así como as condicións e procedementos para causar alta como comuneiro e as obrigas que leva aparelhada a devandita condición.

2.—Así mesmo regularán os estatutos: o exercicio dos dereitos dos comuneiros; os órganos de representación, de administración e de xestión; a impugnación dos seus actos; a porcentaxe de reserva dos rendementos para investimentos no monte, e a participación nos aproveitamentos dentro dos límites legais, reservando a porcentaxe establecida no art. 23 da lei; e os criterios ós que deberán adecuarse os diversos aproveitamentos do monte.

Artigo 43.—Réxime de maiorías.

1.—A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición, correspóndenlle á asemblea xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos ó 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e ó 30% na segunda.

2.—Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple, salvo que nos estatutos se esixa outra maioría.

Artigo 44.—Efectos dos estatutos.

Os estatutos e as súas modificacións empezarán a producir efectos ó día seguinte da súa aprobación, e remitiranse, para os efectos de coñecemento, ó Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, segundo o disposto no título VII deste regulamento.

Artigo 45.—Defensa do monte veciñal en man común.

Calquera veciño comuneiro poderá defende-los intereses da comunidade de montes veciñais en man común, tendo que lle ser reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexa aprobado pola asemblea xeral.

Artigo 46.—Xunta rectora.

1.—O órgano de goberno, xestión e representación das comunidades é a xunta rectora, elixida por maioría simple en votación da asemblea xeral, por un prazo máximo de catro anos.

Está composta por un presidente e o número de vocais que fixen os estatutos, nunca inferior a dous, un dos cales deberá actuar como secretario e outro como tesoureiro.

2.—O presidente ostenta a representación legal da comunidade e deberá acredita-la dita cualidade para realiza-los actos de disposición.

3.—A xunta rectora dará conta á asemblea xeral, na primeira sesión que se celebre, dos acordos adoptados.

4.—Cando o número de veciños comuneiros non permita a constitución da xunta rectora conforme ás prescricións da lei e do presente regulamento, asumirá as súas funcións a asemblea xeral da comunidade de veciños.

Artículo 47.—Mancomunidades de montes veciñais en man común.

As comunidades poderanse mancomunar para o mellor cumprimento dos seus fins. O contrato no que se plasme esta comunidade de bens, ou os estatutos da asociación que se cree, e en xeral a fórmula xurídica que se utilice, deberá ser comunicada ó rexistro xeral de montes veciñais en man común a través da sección provincial correspondente, xuntando poder bastante de quen actúe en representación da devandita comunidade.

Título quinto Dos aproveitamentos

Artigo 48.—Aproveitamentos en xeral.

1.—O aproveitamento e disfrute dos montes veciñais en man común corresponde exclusivamente á comunidade titular e farase segundo as normas recollidas nos seus estatutos, na lei e neste regulamento, e sen prexuízo das normas xerais da Lei e Regulamento de montes.

2.—Os rendementos que produza o monte, respectando o disposto no artigo 52 deste regulamento, dedícanse, en todo ou en parte e segundo dispoñan os estatutos se é o caso, e de acordo coa asemblea xeral, e obras ou servizos comunitarios, con criterios de reparto proporcional entre os diversos lugares a investimentos no propio monte ou a reparto, total ou parcial, en partes iguais entre tódolos comuneiros.

Artigo 49.—Execución dos aproveitamentos.

1.—A realización dos aproveitamentos nos montes a que se refire este regulamento estará suxeita ás limitacións establecidas no ordenamento xurídico xeral.

2.—Se a superficie arborada do monte estivese comprendida entre 25 e 250 has., requirirase que os aproveitamentos citados se realicen conforme a un plan técnico ó que se deberán acomodar as licencias correspondentes, salvo razóns extraordinarias, apreciadas pola Administración.

Se a superficie arborada fose superior ás 250 has. será obrigatoria a redacción dun proxecto de ordenación ó que se deberán atender os aproveitamentos, salvo que a espesura defectiva do monte ou razóns de outra orde que diminúan o valor dos produtos que se vaian allear, apreciadas pola Administración, aconsellen o contrario.

Estes plans técnicos e proxectos de ordenación requirirán a inclusión dun 15 por cen do valor estimado dos aproveitamentos para o seu investimento en melloras que garantan a integridade e a conservación do monte.

3.—Cando nun monte veciñal trate de realizarse un aproveitamento de pastos por gando que non sexa propiedade do grupo comunitario, a xunta veciñal comunicará á Administración forestal o nome do arrendatario, prazo de arrendamento, número de cabezas de gando e clase deste que ó seu entender sexan admisibles no monte, así como calquera outra circunstancia que sexa necesaria a xuízo da dita Administración, para que esta poida decidir sobre a compatibilidade do aproveitamento coa conservación do monte e, en consecuencia, se poida expedir a licenza procedente.

4.—Para os aproveitamentos de canteiras, minas e outros que esixan ocupacións temporais do terreo, terase en conta o disposto na lei e regulamento de montes e demais normativa aplicable.

Artigo 50.—Gravames.

Os aproveitamentos dos montes veciñais en man común poderán ser obxecto de gravame, e neste caso a execución só se poderá dirixir contra os aproveitamentos ou as rendas que se puidesen derivar da súa cesión, feita de conformidade co disposto na lei e no presente Regulamento de montes veciñais en man común.

Artigo 51.—Aproveitamentos individuais.

1.—A comunidade de veciños propietaria poderá acordar, para usos gandeiros ou agrícolas, que parte do monte se pode aproveitar de forma individual mediante a distribución entre os veciños comuneiros de lotes, sortes ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuíto e por períodos non superiores ós once anos, e sempre que estas non sexan inferiores á unidade mínima de cultivo.

2.—O uso agrícola deberá contar coa preceptiva autorización se supón decrúa do monte.

Artigo 52.—Reservas.

1.—De tódolos rendementos económicos que se poidan derivar dos aproveitamentos, reservarase unha cantidade, que se debe fixar nos estatutos e en todo caso nunca inferior ó 15 por 100 daqueles, para investimentos en melloras, protección, acceso e servizos derivados do uso social ó que o monte poida estar destinado.

2.—Se non se comunicase antes, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá solicitar anualmente xustificación do investimento do 15% citada co número anterior.

A non xustificación citada poderá ser considerada como indicador obxectivo para a declaración de grave abandono do monte.

Título sexto
Deslindamento e marcaxes

Artigo 53.—Deslindamentos e marcaxes.

O deslindamento e a marcaxe dos montes veciñais en man común, unha vez clasificados, e a resolución en vía administrativa das cuestións que con el se relacionen, é de competencia da Administración e efectuarase de acordo cos mesmos requisitos e formalidades que os esixidos para os montes de utilidade pública.

Artigo 54.—Arbitraxe.

Mediante a arbitraxe de dereito privado as comunidades poden someter —logo de compromiso— á decisión de un ou varios arbitros as cuestións litixiosas xurdidas ou que poidan xurdir en materia da súa libre disposición conforme a dereito, de acordo coa Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraxe.

Título sétimo

Rexistro xeral de montes veciñais en man común

Artigo 55.—Rexistro xeral.

Na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes créase un rexistro público de carácter administrativo, que manterá actualizada a relación dos montes veciñais en man común de Galicia por provincias, a súa situación estatutaria e os actos de disposición de acordo coa lei. Este rexistro terá unha sección en cada delegación provincial.

Artigo 56.—Organización do rexistro.

Constarán por provincias e termos municipais alfabeticamente ordenados e por parroquias e lugares conforme á toponimia oficial, existindo un ficheiro de comunidades propietarias e outro de montes numerados.

Noso ditos ficheiros constarán os datos esenciais do monte, nome, superficie, límite e data de clasificación e en particular se ten xunta provisional ou xunta rectora, e as datas das súas respectivas eleccións.

Artigo 57.—Relacións coa administración.

Non se manterá relación administrativa por parte da Xunta de Galicia con comunidades veciñais sen previa certificación do encargado do Rexistro Xeral ou das súas seccións relativa á súa situación estatutaria, lexitimidade de quen ostente a súa representación ou constancia dos actos de disposición e demais anotacións das que preceptivamente debe ter coñecemento.

Artigo 58.—Documentación dos actos de disposición.

Nos casos de disposición, que estarán formalizados sempre en escritura pública, xuntarase coa documentación que se remita á sección provincial do rexistro de montes veciñais en man común, as correspondentes licencias de obra dos concesionarios, arrendatarios ou titulares de dereitos de superficie, así como as autorizacións necesarias para o cambio de masa forestal a cultivo agrícola, ou para plantacións de eucaliptos que no seu caso deberán incluír estudo de impacto ambiental, conforme ós decretos 81/1989 e 422/1991.

Artigo 59.—Actos inscribibles.

As resolucións definitivas relativas a tódolos actos que tivesen relación co título II deste regulamento, así como os estatutos e actos da Administración que os afecten, serán remitidas á sección provincial correspondente do Rexistro de Montes veciñais en man común, a cal dará traslado destes ó rexistro xeral.

Artigo 60.—Remisión de estatutos.

Dos estatutos remitiranse ó Rexistro Xeral, a través da sección provincial, orixinal e copia asinados polo presidente e secretario da xunta rectora; a composición desta tamén se fará constar mediante certificación do libro de actas correspondente, así como certificación de que foron aprobados pola asemblea cos requisitos e formalidades legais. Ós estatutos xuntarase copia auténtica do libro de rexistro de comuneiros, que se actualizará no mes de xaneiro de cada ano.

Artigo 61.—Informe anual.

As seccións provinciais do rexistro elevarán un informe anual ó rexistro xeral de montes veciñais en man común daquelas comunidades que non teñan constituídos os seus órganos de goberno, nin aprobados estatutos, que poderá ser causa do inicio do expediente de grave abandono conforme ó procedemento establecido na lei, e poderán ser valorados como indicadores obxectivos para a determinación do estado de degradación ou grave abandono. Así mesmo poderán servir de indicadores obxectivos para determina-lo estado de grave abandono os mesmos criterios establecidos na lei sobre predios manifestamente mellorables.

Título oitavo
Infraccións

Artigo 62.—Infraccións.

As infraccións cometidas nos montes veciñais en man común sancionaranse aplicando as mesmas medidas e procedementos establecidos na lexislación básica de

montes para os montes catalogados e, no que sexa de aplicación, a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre.

Disposición adicional

Os negocios xurídicos realizados sen intervención da comunidade titular do monte antes da súa clasificación someteranse ás seguintes normas:

a) As ocupacións ou servidumes concedidas pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma sobre montes que estivesen incluídos no catálogo dos de utilidade pública ou pola Administración local baixo a consideración de bens comunais ou de propios, subsistirán nos termos de concesión, entrando a percibi-la comunidade titular o canon ou indemnización que se devengará no momento da clasificación, podendo a comunidade esixi-la actualización da devandita cantidade. Para iso a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes emitirá, por solicitude da comunidade, proposta razoada de actualización do canon conforme ós criterios establecidos na lexislación de montes para os catalogados, do que se dará traslado ó beneficiario da ocupación ou servidume, no caso de desacordo comunicarase á comunidade titular para que exercite as accións legais pertinentes.

Todo iso non obsta para que a comunidade titular exercite as accións de impugnación que se deriven da lexislación reguladora de tales concesións, así como a caducidade destas por incumprimento do condicionado establecido.

b) Os consorcios ou convenios concertados sen intervención da comunidade titular rexeranse polo previsto na disposición adicional 2ª da Lei de montes veciñais en man común.

c) Os demais son inexistentes en dereitos.

Disposicións transitorias

1.—Mentres non estea elaborado o plan de aproveitamento de montes veciñais en man común, que deberá debate-lo Parlamento galego, segundo prevé a disposición adicional sexta a Lei de montes veciñais en man común, seguirán sendo de aplicación os plans técnicos para montes protectores previstos na lexislación xeral de montes.

2.—Os actuais vocais seguirán desempeñando as súas funcións ata que non se nomeen outros de acordo coas prescricións deste regulamento.

Santiago de Compostela, catro de setembro de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes